

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas e cincuenta minutos do día once de novembro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión a concelleira, D^a Berta Pérez Hernández.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 28 DE OUTUBRO E 4 DE NOVEMBRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 28 de outubro e 4 de novembro do 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 7 DE NOVEMBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de

formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de área nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.589.- A Luis Martínez Domínguez, con enderezo en Estrada a Bueu, nº 51-Piñeiro-Aldán, para en Piñeiro-Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 88,20 m²., de soto, 93,85 m²., de planta baixa e 74,15 m²., de primeiro andar e un cerramento 36,00 metros, de conformidade co proxecto visado con data 7 de maio do 2013, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 30 de marzo do 2011.

EXPEDIENTE Nº 24.646.- A Diego Sánchez Méndez, con enderezo na Serra de Poente, nº 59-Darbo, para na Serra de Poente-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 54,28 m²., de semisoto e 190,31 m²., de planta baixa, de conformidade co proxecto básico do arquitecto, Xosé Domínguez Nieto, do 10 de xuño do 2013, cun orzamento de CENTO CORENTA E UN MIL NOVECIENTOS DEZ CON OITENTA (141.910,80) euros, a que antes do inicio das obras presente o correspondente proxecto de execución, estudo de seguridade e oficios de dirección, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.118.- SOLICITUDE DE LIENZA DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE UNHA ESTACIÓN BASE NA AVDA. DE PONTEVEDRA, PETICIONADA POR "VODAFONE ESPAÑA, S.A.".

En relación con este expediente emitiuse o seguinte informe:

"INFORME TÉCNICO:

'Infórmase favorablemente o expediente en cuestión, toda vez subsanadas as deficiencias sinaladas en informes precedentes, por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamiento do Concello de Cangas.'

INFORME XURÍDICO:

"De conformidade co previsto nos artigos 172 e 175 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, emito o seguinte INFORME con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 7 de decembro do 2005, rexistro de entrada nº 23.790, 'VODAFONE ESPAÑA, S.A.', con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Severo Ochoa, nº 1, polígono industrial A Grela-Bens, A Coruña, titular do CIF A-80907397, solicita licenza de obras para instalación de base para telefonía móbil na Avda. de Pontevedra, s/n.

SEGUNDO.- A solicitude foi informada o día 23 de novembro de 2006 polo arquitecto municipal favorablemente por axustase ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas NNSS de planeamento do Concello de Cangas.

TERCEIRO.- Constátase a existencia dun expediente de restauración da legalidade urbanística nº 48/06, pola instalación da base de telefonía móbil, que se resolve ordenando a retirada da estación base de telefonía móbil instalada, que foi obxecto de reclamación xudicial, motivo polo que, entendo que non se deu resposta ó expediente de obras de referencia, aínda que o descoñezo.

CUARTO.- O expediente de obras remitiuse a informe xurídico en data 4 de novembro do 2013, visto o fallo do TSX de Galicia no recurso de apelación nº 4527/09, dimanante do PO nº 156/08, no que en síntese se sinala que: 'se revoguen aquelas resolucións de datas 25 de outubro do 2007 e 18 de febreiro do 2008, sucesivamente adoptadas por aquela Ilma. Sra. alcaldesa-Pta. do Excmo. Concello de Cangas, no que atinxe á retirada daquela estación-base de telefonía móbil, radicada no tellado do edificio onde se sitúa o hotel 'Las Vegas'..., na medida en que precisamente se omitió resolver en sede administrativo-municipal acerca daquela solicitude inicial de licenza ó respecto previamente suscitada...".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Suxeición a previa licenza municipal: artigo 194.2 da LOUGA, artigo 10.1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento e Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, RDU.

II.- Procedemento e competencia para o outorgamento: art.s 195 LOUGA, 13.1 RDU, 9 RSCL, 21.Iq) da lei 7/1995, reguladora das bases do réxime local, LRBRL, e o 61,1 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por Resolución da Alcaldía de data 26 de xuño do 2011, o Sr. alcalde delegou na Xunta de Goberno Local o outorgamento de licenzas.

As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico. En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico (art. 195.1 LOUGA).

III.- Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, reguladora da produción e xestión dos residuos da construción e demolición e a Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.

IV.- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

V.- Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e Real decreto 836/2003, do 27 de xuño e a Instrucción Técnica complementaria 'MIE-AEM', do Regulamento dos aparatos de elevación e manutención, aprobada pola Orde do 20 de xuño do 1998, referente ós guindastres torre para obras ou outras aplicacións.

VI.- Prazos de caducidade das licenzas: as obras deberán dar comezo antes de seis meses e finalizar antes de tres anos, desde a data da concesión da licenza, non podendo interromper as obras una vez iniciadas nun prazo superior a seis meses.

VII.- Obrigación de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro dos inmobles e das súas alteracións (Art. 13 e 9 do R.d. lexislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario).

VIII.- O réxime xurídico do solo aplicable na ordenanza de aplicación, Solo urbano de núcleo rural e o disposto na ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas da instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación que establece no seu artigo 33.3, que para o outorgamento de licenzas de obra ou instalación, é requisito previo a aprobación do plan de implantación que deberá ser aprobado polo concello, previa información pública deste polo prazo de un mes mediante a súa publicación no BOP e nun dos diarios de maior circulación, sendo por conta do solicitante os gastos de publicación.

Consultados os arquivos municipais non consta a existencia de tal plan de implantación.

VIII.- Este expediente resólvese fóra de todo prazo -en virtude do establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común que establece que:

'Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a administración debe dictar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, ó vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa lexítima ó interesado ou interesados que tiveran deducido a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei por razóns imperiosas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario establezan o contrario. Así mesmo, o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ó exercicio do dereito de pedimento, a que se refire ó artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivera como consecuencia que se transferiran ó solicitante ou a terceiros facultades relativas ó dominio público ou ó servizo público, así como, os procedementos de impugnación de actos e disposicións. Malia isto, cando o recurso de alzada se tivera interposto contra a desestimación por silencio administrativo de unha solicitude polo transcurso do prazo, se entenderá estimado o mesmo se, chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente non dictase resolución expresa sobre o mesmo. 2.- A estimación por silencio administrativo ten a tódolos efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento. A desestimación por silencio administrativo ten os solos efectos de permitir ós interesados a interposición do recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente. 3.- A obrigaón de dictar resolución expresa a que se refire o apartado primeiro do artigo 42 suxeitarase ó seguinte réxime:

- a) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá dictarse de ser confirmatoria deste.*
- b) Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo adoptarse pola administración sen vinculación ningunha ó sentido do silencio.*

4.- Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto perante a administración como perante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Estes producen efectos desde o vencemento do prazo máximo no que debe dictarse e notificarse a resolución expresa sen que a mesma se tivera producido e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido que puidera solicitarse do órgano competente para resolver. Solicitado o certificado, éste deberá emitirse no prazo máximo de quince días.'

Polo exposto, infórmase desfavorablemente a licenza de obras solicitada, en virtude do disposto no artigo 31 e seguintes da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas da instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación.

Malia isto, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime pertinente."

2.A.3) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 21.751.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JOSE RAJÓ MARTÍNEZ E JOSEFA FERNÁNDEZ MORGADE.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 28 de outubro do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a José Rajó Martínez e Josefa Fernández Morgade, con enderezo en Camiño da Praia de Vilariño, nº 25-O Hío, para vivenda sita en San Cibrán-Aldán, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 21.351.

2.A.4) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.751.- A Prudencio Fernández Franco, con enderezo en Rúa Noria, nº 2-4ºF-Cangas, para en Lubrei-O Igrexario-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, adicionar un aproveitamento baixo cuberta de 94,70 m2., foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.684.- A Eloy Tesouro Abadín, con enderezo en Rúa Sainza, nº 19-baixo-Ourense, para no Espírito Santo, nº 19-baixo-Coiro, executar obras menores de adecentamento de vivenda e galpón consistentes

en: lavado de tellado e pintado de aleiros, substitución de carpintería exterior, reforma de baño, pintado de habitación, tarima flotante e reforma de galpón, de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de data 17 de outubro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.740.- A Rosa Ana Caamaño Casás, con enderezo en Camiño Costa do Outeiro, s/n-Coiro para no referido lugar construír un tramo de cerramento de 20,40 metros na fronte da parcela, de conformidade coa documentación presentada, a que a liña de edificación diste, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño, a que se levante desde a rasante do camiño e a que enrrese co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

EXPEDIENTE Nº 24.765.- A Josefa Barreiro Portela, con enderezo en Ourelo, nº 17-Darbo, para no referido lugar executar obras de conservación e mantemento de cerramento existente, consistente en chorreado e encintado deste, de conformidade coa documentación presentada e autorización da Deputación Provincial en escrito de data 17 de outubro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.766.- A María Nieves Fernández Gestido, con enderezo en Rúa Aragón, nº 4-5ºB-Vigo, para na Rosada-Coiro, construír un muro de contención de 85,00 metros, de conformidade co estudo técnico do 18 de xullo do 2013 e informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 31 de outubro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.770.- A "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AREOSA", con enderezo na Avda. de Ourense, nº 93-95-Cangas, para no referido lugar, executar obras de conservación de fachadas nos dous edificios, consistentes en chorreado, impermeabilización e pintado, de conformidade co estudo técnico visado o 12 de setembro do 2013 e autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galiza, de data 17 de outubro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.771.- A Jairo Rodríguez Esquina, con enderezo en Rúa Daniel Castelao, nº 15-Moaña, para en Romarigo-Coiro, construír unha caseta de 18,30 m²., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.794.- A Mercedes Oliveira Bon, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 74-interior-Cangas, para no referido lugar, colocar un portal de 3,30 metros e formación de beirarrúa de 41,50 m²., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.807.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "A GUARDIA, 6", con enderezo no referido lugar, para cambio de material de cubrición en 125,00 m²., de conformidade co estudo técnico visado o 2 de setembro do 2013 e supeditado a autorización da comunidade.

EXPEDIENTE N° 24.815.- A Arturo Lemos Vizcaya, con enderezo en Rúa Atranco, nº 13-1ºC-Coiro, para no referido lugar, executar reformas interiores consistentes en substitución de alicatado en baño e cociña, substitución de carpintería exterior, pintura puntos de luz e enchufe e instalación de ducha, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.816.- A Begoña Vázquez Piñeiro, con enderezo en Robleda, nº 51-Vigo, para no Rodal-O Igrexario-O Hío, executar en caseta existente, reparacións exteriores consistentes en chorreado e encintado dos muros existentes, retirada de planchas de fibrocemento da cuberta e tódolos elementos que a integran, reparación puntual de elementos estruturais de madeira da cuberta e tratamento, formación de faldóns con panel sandwich e colocación de tella, de conformidade co estudo técnico de outubro do 2013.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE N° 1.685.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR PEDRO JUAN ÁLVAREZ GIL.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura de establecemento sito en Rúa Gondomar, nº 10-baixo, dedicado a discoteca, que ata a data rexentaba Montserrat Gayo Cancelas e que a partir desta data pasa a Pedro Juan Álvarez Gil, con enderezo en Rúa A Guardia, nº 8-1º esquerda-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.690.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR ANTONIO NUÑEZ SANTA CRUZ.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura de establecemento sito na Avda. de Galicia, nº 5-Cangas, dedicado a cafetería, que ata a data rexentaba "MENADE, S.L.", e que a partir desta data pasa a Antonio Núñez Santa Cruz, con enderezo na Avda. de Lugo, nº 2-Cangas.

3º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

3.A) PROPOSTA DO INSTRUCTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 29/2012.

Dase conta de proposta do instructor de data 20.9.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 29/2012, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 29/2012.

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro do 2103, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Xurxo Xoán González Conde e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de San Cibrán-Aldán, obras consistentes en realizar un pozo, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 16 de setembro do 2013, presenta escrito de alegacións indicando que tal pozo non existe dado que no seu día se fixo unha perforación co resultado negativo.

Con data 10 de xullo do 2013 presentou neste concello un escrito expoñendo que tiña solicitado permiso a Augas de Galicia para a legalización do pozo executado sen licenza, polo que as alegacións presentadas non desvirtúan os feitos probados.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Xurxo Xoan González Conde, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar-la sanción a impoñer na súa contía 1250 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a Xurxo Xoán González Conde, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 1250 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en realizar un pozo.*

O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e

informacións que estimen pertinentes, para tales efectos, ponse de manifesto o expediente para que poidan examinalo e de ser o caso, obter as copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevada ó organo competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instructor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 29/2012.

4º.- DAR CONTA DE SINATURA DE ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A ADECUACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013.

Vista a addenda ó convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, asinado en data do 22 de outubro do 2013, para a adecuación de liñas eléctricas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2007-2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, asinado en data do 22 de outubro do 2013, para a adecuación de liñas eléctricas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2007-2013.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto con copia do convenio á Oficina Técnica e Intervención.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RESOLUCIÓN DE RECURSOS EXTRAORDINARIOS DE REVISIÓN S/DENEGACIÓN DE RENOVACIÓN DE LICENZAS DE VENDA AMBULANTE.

Vista a proposta da Alcaldía de data 6.11.13, referente a resolución de recursos extraordinarios de revisión sobre denegación de renovación de licenzas de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REVISIÓN CONTRA O ACORDO POLO QUE SE DECLARA A REVOGACIÓN DE LICENZAS DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

I.- Rematado o período de autorización correspondente ao ano 2012, os titulares de licenzas de venda ambulante foron requiridos, ó abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da Provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización.

II.- Ao remate do proceso por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 (con corrección de erros aprobada en sesión de data 17/06/2013) procedeuse a declarar a renovación ou revogación das licenzas, acordo que unha vez transcorrido o prazo para a presentación de recursos e unha vez resoltos os presentados adquiriu a condición de acto firme.

III.- En data 29/10/2013 por parte de Soraya León Escudero, Rubén Jiménez Mendoza, Antonio Escudero Jiménez, Nicolás Escudero Jiménez, Eusebio Duval Gómez e Pedro Jiménez Borja, preséntase recurso extraordinario de revisión contra a resolución de 22/04/2013 pola que se declara a revogación das súas respectivas licenzas de venda ambulante baseándose en idéntico fundamento, que o modelo formalizado proporcionado polo Concello de Cangas para a renovación outorgáballes un mes a tal efecto, resultando que a notificación da devandita resolución aos diferentes titulares tivo lugar pasados varios días do mes de xaneiro de 2013 polo que o prazo outorgado estaría reducido e non chegaría ao mes outorgado contravindo o artigo 48.2 e 39 bis da Lei 30/1992.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O artigo 108 da Lei 30/1992, relativo ao recurso extraordinario de revisión establece: "Contra os actos firmes en vía administrativa só procederá o recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 118.1". Malia ser este o artigo invocado polos recorrentes non

concretan a que apartado do artigo 118.1 se acollen para poder admitir a trámite o recurso polo que procede a súa inadmisión a trámite en aplicación do disposto no artigo 119.1 da Lei 30/1992 "O órgano competente para a resolución poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite, sen necesidade de recabar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando o mesmo non se funde en algunhas das causas previstas no apartado 1 do artigo anterior ou no suposto de que se tivesen desestimado en canto ao fondo outros recursos sustancia/mente iguais."

II.- Malia o anterior foi comprobado que efectivamente como sinalan os interesados nos seus escritos a notificación do requirimento de renovación das licenzas efectuouse nos primeiros días de xaneiro polo que os titulares de licenzas declaradas revocadas polo acordo de 22/04/2013 non contaron con un mes completo para a renovación. A este respecto o regulamento vixente non previa un prazo concreto pero resulta comprensible que a mención ao mes de xaneiro no requirimento puidera dar lugar a interpretacións equívocas que se poderían corrixir mediante o outorgamento dun prazo extraordinario que completase ese período de tempo.

Por parte do concello enténdese que a revogación da licenza para moitos dos que gozaban daquela supón un grave quebranto para as súas economías familiares, polo que, debe buscarse unha vía que permita compatibilizar o cumprimento do marco normativo establecido coa interpretación mais favorable ao exercicio da actividade evitando que unha interpretación equívoca poida dar lugar a esa perda da licenza.

Por tal motivo propónse a revogación dos apartados segundo e terceiro da parte dispositiva do acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 (con corrección de erros por acordo de Xunta de Goberno Local de 17/06/2013), polos que se declaran revogadas as licenzas de venda ambulante das que eran titulares as persoas que alí se sinalan, en aplicación do disposto no artigo 105.1 da Lei 30/1992 que establece que: "as administracións públicas poderán revogar en calquera momento os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, ou sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico."

Esta revogación parcial deberá ir achegada da apertura de un prazo extraordinario de dez días para a presentación da documentación que fose precisa para completar e emendar as deficiencias que motivaron a declaración de perda da licenza. Deste xeito cúmprense as condicións establecidas no artigo 105.1 citado na medida en que non se incorre en exención ou dispensa ao permanecer a obriga de presentación de documentación dos interesados nun plano de igualdade respecto do resto dos titulares de licenzas xa renovadas, de tal xeito que transcorrido o prazo sen a presentación desta a consecuencia sería igualmente a perda da licenza.

III.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a aprobación da presente revogación parcial en canto que foi quen aprobou o acordo que se revoga.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Inadmitir a trámite os recursos extraordinarios de revisión interpostos en data 29/10/2013, por parte de Soraya León Escudero, Rubén Jiménez Mendoza, Antonio Escudero Jiménez, Nicolás Escudero Jiménez, Eusebio Duval Gómez e Pedro Jiménez Borja, contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 22/04/2013, por non fundamentar os seus recursos en ningún dos supostos previstos no artigo 118.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, polo que se declaran revogadas as licenzas de venda ambulante das que eran titulares os recorrentes deixando este sen efecto respecto da declaración de revocación de licenzas, de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas.

Segundo.- Revogar os apartados segundo e terceiro da parte dispositiva do acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 (con corrección de erros por acordo de Xunta de Goberno Local de 17/06/2013), relativos a aquelas persoas ás que se lles declarou a revogación das súas licenzas en base a fundamentación xurídica exposta outorgando un período extraordinario de dez días hábiles entre o 16 e o 27 de novembro do ano que andamos, co fin de que todas aquelas persoas que fosen titulares de licenzas de venda ambulante revocadas polo acordo de Xunta de Goberno Local de 22/04/2013 poidan presentar e completar a documentación requirida para a renovación de licenzas para 2013.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo cos interesados e aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, con indicación dos recursos procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a resolución de recursos extraordinarios de revisión sobre denegación de renovación de licenzas de venda ambulante.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

6.A) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE NO CASCO URBANO.

Vista a solicitude presentada en data 29.10.13 por MANUEL SOAGE CHAPELA, DNI nº 35.294.549-Z, con enderezo na Madalena, nº 100-Darbo, na

que demanda a baixa de dous sinais de pasaxe permanente cos números 672 e 699, instalados no Espírito Santo, nº 32-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 31.10.13, pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder ó Sr. Soage Chapela, a baixa de dous sinais de pasaxe permanente, números 672 e 699, instalados no Espírito Santo, nº 32-Coiro, condicionado á devolucións dos sinais referidos no departamento de Tesourería.

SEGUNDO.- Por tratarse de casco urbano non procede conceder a baixa da entrada de vehículos existente no referido lugar.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Tesourería e Xestión de Ingresos Municipal.

6.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE ESPELLO NA AVDA. DE GALICIA E RÚA ARAGÓN.

Vista a solicitude presentada en data 30.10.13 por SANTIAGO ARROYO GARCÍA, con enderezo na Avda. de Marín, nº 23-1ºI-Cangas, administrador da Comunidade de Propietarios "Garajes Pórtico", con NIF nº H-36.457.729, sita en rúas Aragón, Avda. de Galicia e San José, na que demanda a instalación de un espello na beirarrúa de enfrente á saída da rúa Aragón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 4.11.13, pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Acceder ó solicitado pola Comunidade de Propietarios "Garajes Pórtico", para a instalación de un espello na beirarrúa existente enfrente á saída da rúa Aragón.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR S/APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 17 PEÓNS, Ó ABEIRO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NO EIDO DO "SEGUNDO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO".

Examinada a proposta de data 25.10.13 emitida pola concelleira de Persoal e Réxime Interior, referente a aprobación de bases de selección para a contratación de 17 peóns, ó abeiro da subvención outorgada pola Deputación Provincial de Pontevedra no eido do "SEGUNDO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO", que indica o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 18 de outubro do 2013, de concesión dunha axuda ao abeiro do 'Segundo Plan de Provincial de Emprego 2013', para a contratación laboral temporal a tempo parcial de 25 horas semanais e por un período de seis meses por obra ou servizo de 17 persoas desempregadas maiores de trinta anos preferentemente non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA) inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, sendo os traballos a desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e benestar dos veciños/as. Por parte desta concellería se procede a dar inicio á tramitación do expediente administrativo conducente a aprobación das bases de selección, se convoquen as prazas e se proceda a provisión das referidas prazas.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar as bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 16.06.2011, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de 17 peóns ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 18 de outubro de 2013, no eido do 'Segundo Plan Provincial de Emprego'. Bases que achegan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal a tempo parcial de 25 horas semanais e por un período de seis meses e cumprindo cos restantes requisitos dispostos no acordo citado polo que se outorga a subvención.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas."

A N E X O:

"BASES PARA A SELECCIÓN DE DEZASETE PEÓNS SEGUNDO O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 18/10/2013 DE CONCESIÓN DE AXUDAS NO "SEGUNDO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2013".

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 17 peóns, nivel de clasificación grupo E, para os servizos que a continuación se pormenorizan:

- 4 peóns varredores para o servizo de limpeza viaria.*
- 4 peóns agrícolas (agás en hortos, invernadoiros, viveiros e xardíns) para o servizo de limpeza de cantes, ríos e espazos públicos.*
- 2 peóns pintores para o servizo de acondicionamento de edificios públicos.*
- 2 peóns xardineiros para o servizo de acondicionamento de xardíns.*
- 3 peóns albaneis para o servizo de acondicionamento de espazos naturais e edificios públicos.*
- 2 peóns albaneis para o servizo de rotulación de rúas.*

A contratación se realizará en réxime laboral, a xornada parcial de 25 horas semanais, por un período de seis meses, coas retribucións derivadas da aplicación do acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 18/10/2013 ascendendo a 502,15 euros brutos mensuais por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional de pagas extras.

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501).

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.*
- Por encadrarse no nivel de clasificación do grupo E, non se require titulación (DA 73 EBEP).*

- *Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- *Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade*
- *Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM, e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.*

Tódolos requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 18/10/2013.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte. Igualmente se se comproba que algún dos candidatos non reúne as condicións esixidas no apartado segundo das presentes bases quedará excluído do proceso selectivo.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME.

Os aspirantes quedan convocados para o inicio do proceso selectivo o vindeiro 19 de novembro de 2013 ás 9:30 h. da mañá no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

*PRESIDENTA: Carmen Gómez Cancela
SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez
Vocal 1º: Antonio Fernández Paredes
Vocal 2º: Manuel Vidal Rajó
Vocal 3º: Josefa Rial Pardo*

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituirase con media hora de antelación á do inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A proba da oposición consistirá na resolución de un suposto práctico de carácter escrito ou execución dun exercicio práctico que será puntuado polo tribunal. As probas versarán sobre técnicas de traballo e ferramentas a utilizar polos peóns en cada servizo, elementos de protección a utilizar nos seus postos ou riscos laborais, así como cofieciamento das instalacións municipais e rueiro.

Tódolos/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 17 peóns, nivel de clasificación grupo E, para os servizos que a continuación se pormenorizan:

- *4 peóns varredores para o servizo de limpeza viaria.*

- *4 peóns agrícolas (agás en hortos, invernadoiros, viveiros e xardíns) para o servizo de limpeza de canles, ríos e espazos públicos.*
- *2 peóns pintores para o servizo de acondicionamento de edificios públicos.*
- *2 peóns xardineiros para o servizo de acondicionamento de xardíns.*
- *3 peóns albaneis para o servizo de acondicionamento de espazos naturais e edificios públicos.*
- *2 peóns albaneis para o servizo de rotulación de rúas.*

A contratación se realizará en réxime laboral, a xornada parcial de 25 horas semanais, por un período de seis meses, coas retribucións derivadas da aplicación do acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 18/10/2013 ascendendo a 502,15 euros brutos mensuais por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional de pagas extras.

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501).

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- *Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*
- *Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- *Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.*
- *Por encadrarse no nivel de clasificación do grupo E, non se require titulación (DA 7ª EBEP).*
- *Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- *Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*

- *Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM, e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.*

Tódolos requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuilos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 18/10/2013.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte. Igualmente se se comproba que algún dos candidatos non reúne as condicións esixidas no apartado segundo das presentes bases quedará excluído do proceso selectivo.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME.

Os aspirantes quedan convocados para o inicio do proceso selectivo o vindeiro 19 de novembro de 2013 ás 9:30 h., da mañá no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28

da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTA: Carmen Gómez Cancela.

SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez.

Vocal 1º: Antonio Fernández Paredes.

Vocal 2º: Manuel Vidal Rajó.

Vocal 3º: Josefa Rial Pardo.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituírse con media hora de antelación á do inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A proba da oposición consistirá na resolución de un suposto práctico de carácter escrito ou execución dun exercicio práctico que será puntuado polo tribunal. As probas versarán sobre técnicas de trabado e ferramentas a utilizar polos peóns en cada servizo, elementos de protección a utilizar nos seus postos ou riscos laborais, así como coñecemento das instalacións municipais e rueiro.

Tódolos/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA.

Rematado o proceso de selección o tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo.

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50 % do total posible que serían chamados por orde de puntuación. As prazas de albanel se distribuirán entre os dous servizos para os que se requiren en función da puntuación de tal xeito que as tres primeiras puntuacións se asignarán ao servizo de acondicionamento de espazos naturais e edificios públicos.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS.

As presentes bases estarán expostas ó público no taboleiro de anuncios do concello dende a data da súa aprobación, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ó procedemento.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ó tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, puidendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA - NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán seren impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 4.11.13, pola Policía Local, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Persoal e Réxime Interior, referente a aprobación de bases de selección para a contratación de 17 peóns, ó abeiro da subvención outorgada pola Deputación Provincial de Pontevedra no eido do "SEGUNDO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO".

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

8.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 262/2011-C, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DA MERCANTIL "VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L."

Vista a proposta da Alcaldía de data 4.11.13, referente ó procedemento ordinario nº 262/2011-C, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, a instancia da mercantil "VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 262/2011-C, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DA MERCANTIL 'VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.' (X-II/34).

Visto o oficio de data 28.10.2013 recibido no rexistro do concello o día 30.10.2013 (entrada nº 12558) dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 262/2011-C instruído a instancia da mercantil VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.

Visto que no oficio se require a esta Alcaldía para que no prazo de 10 días se proceda ó pago dos xuros pendentes que ascenden á cantidade de 4.113,52 €.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do oficio de data 28.10.2013 recibido no rexistro do concello o día 30.10.2013 (entrada nº 12558), dictado polo Xulgado

do Contencioso- Administrativo nº 1 de Pontevedra no Procedemento Ordinario 262/2011-C, instruído a instancia da mercantil 'VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.'.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de CATRO MIL CENTO TRECE CON CINCUENTA E DOUS (4.113,52) €, en concepto de xuros a favor da mercantil 'VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.', con CIF nº B-36381663.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico, coa advertencia de que o prazo para o pagamento da antedita cantidade remata o 14.11.2013."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 4.11.13, pola Policía Local, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ó procedemento ordinario nº 262/2011-C, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, a instancia da mercantil "VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L."

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 218/13 RECAÍDA NO PROCEDUREMTO ABREVIADO Nº 426/2012, TRAMITADO NO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 6.11.13, referente a sentenza nº 218/13, recaída no procedemento abreviado nº 426/2012, tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 218/13 RECAÍDA NO PROCEDUREMTO ABREVIADO Nº 426/2012, TRAMITADO NO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA (Expt.: X-12/43).

Visto o contido da Sentenza nº 218/13, dictada no procedemento abreviado nº 426/2012, tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia de don José Luís González Martínez contra o Concello de Cangas, fronte a desestimación presunta, por silencio administrativo, da solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial instada polo recorrente polos danos ocasionados en inmovible da súa propiedade consistentes en fisuras como consecuencia de obras públicas executadas nas súas inmediacións (Rúa Sol e Eirado do Señal).

Visto que a sentenza indicada estima o recurso e condena a esta administración a pagar ao recorrente a cantidade de 3.068,00 euros € máis os xuros legais correspondentes desde a reclamación administrativa (30.07.2010) e con expresa condena en custos.

Tendo en conta que este concello ten subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil coa compañía MAPFRE EMPRESAS, Cía. Seguros S.A. (nº

póliza 0960770067343) na cal se contempla unha franquía especial para danos por obra de 1.000,00 euros por sinistro.

Visto que a sentenza foi notificada ao concello en data 04/11/2013 e que esta é firme.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 218/13, dictada no procedemento abreviado nº 426/2012, tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.

Segundo.- Recoñecer a cantidade de 1.000,00 € en concepto indemnización a favor de don José Luis González Martínez, NIF 78731281G, e requirir á compañía MAPFRE EMPRESAS para que aboe aos demandantes a diferenza resultante.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención, Tesourería e así como, á compañía 'MAPFRE EMPRESAS'."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 4.11.13, pola Policía Local, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a sentenza nº 218/13, recaída no procedemento abreviado nº 426/2012, tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DE CARRUSEL INFANTIL.

Vista a solicitude presentada en data 8.11.13 por ANA M^a ESPERATO COUTO, viúva de LUIS GARCÍA SILVENT, con enderezo en rúa Condesa, nº 14-3ºN-Barrantes-Ribadumia-Pontevedra, na que demanda autorización municipal para a instalación nas inmediacións da Alameda Nova de un carrusel infantil, desde o 1 de decembro do ano que andamos ata o día 15 de xaneiro do 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a instalación pretendida por ANA M^a ESPERATO COUTO, nun extremo da esplanada da Alameda Nova.

SEGUNDO.- Deberá proceder ó aboamento das taxas correspondentes por ocupación de dominio público.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local, Intervención e Xestión de Ingresos.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.